



SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, VENRES, 18 DE OUTUBRO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 10:17 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: José Luis García López

ASISTEN:

Miguel Angel Vallo Camba

Mª del Carmen Fuentes Rios

Mª del Carmen Torreiro González

Manuel Rodríguez Santos

Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela

Cristina Castro Pampín

Jesús Gómez Camino

Xoan Xesús Carril Ramos

Lucía López Sobrado

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

AUSENCIAS: Ningunha

SECRETARIA: Rebeca Vázquez Vázquez

INTERVENTORA: Olga Castro Fernández

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

1.- PROPOSICIÓN DE ACORDO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 9/2019.

A secretaria da lectura da seguinte proposición:

“Considerando que por esta alcaldía se propón a tramitación dunha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, co seguinte detalle:

APLICACIÓNS ORZAM. QUE DIMINÚEN GASTO			APLICACIÓNS ORZAM. QUE AUMENTAN GASTO		
APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE	APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Transferencias entre aplicacións de distinta área de gasto					
132.12100	Seguridade e orde público. Complemento de destino	4.000 €	342.21200	Instalacións deportivas. Reparación e mantemento de edificios e outras construcións	31.500 €
1531.13000	Acceso a núcleos de poboación. Salarios persoal laboral	2.000 €			
1621.14300	Recollida de residuos. Outro persoal	4.000 €			
231.13000	Asistencia social. Salarios persoal laboral	4.000 €			
920.13000	Administración xeral. Salarios persoal laboral	5.000 €			
931.12100	Política económica e fiscal. Complemento de destino	12.500 €			
TOTAL		31.500 €			31.500 €

Visto o artigo 82.3 en relación co 97.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro; aos efectos de xustificar a urxencia expónse o seguinte:

En Arzúa existe unha importante área deportiva, situada no casco urbano, e coñecida como Complexo Deportivo do Viso. Nela ubícanse numerosas infraestruturas deportivas das que fan uso a diario moitos dos nosos veciños e

veciñas.

Unha das infraestructuras máis destacadas é o campo de fútbol de herba artificial, nel adestran os integrantes das escolas deportivas, o equipo de fútbol feminino e os veteranos. Deste terreo de xogo tamén fan uso para o seu adestramento e para a disputa dos partidos oficiais o CSD Arzúa, o equipo de fútbol masculino de Arzúa que dende esta tempada xoga en Terceira División.

O feito de ter en Arzúa un equipo de fútbol que forma parte do elenco dos que xogan en Terceira División conleva a necesidade de mellorar algunhas infraestructuras e crear outras que faciliten a súa participación nesta categoría.

Entre as necesidades detectadas e que é preciso resolver coa maior premura está a construción dunha cabina ao carón do campo de fútbol, dende a que os medios de comunicación, especialmente a televisión e a radio, poidan retransmitir cómodamente e con seguridade todos os encontros que nel se disputen.

É por isto que dende a alcaldía do Concello de Arzúa propoñemos realizar unha modificación de crédito necesaria para contar co orzamento suficiente que permita sufragar os gastos de construción da mencionada cabina.

A tramitación administrativa dos expedientes de modificación de crédito conleva que a entrada en vigor da mesma se dilate no tempo, polo que sendo urxente a actuación descrita, tráese a este pleno esta proposición de acordo co obxecto de que poida ser realizada a actuación no presente exercicio económico”

Indica a secretaria que esta proposta a non estar ditamada en comisión vai como proposición, e necesítase a aceptación de urxencia deste punto sen ditaminar, polo que procedeuse a votación da urxencia:

Votando a favor da urxencia (6 de AxA, 3 PP, 1 PSdeG-PSOE e 1 de CxG) é en contra 2 BNG.

Deseguido a secretaria da lectura as seguintes propostas de acordo:

“Visto o informe de intervención no que se analiza a normativa de aplicación e se conclúe que se da cumprimento ao establecido no Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e na Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

Esta alcaldía-presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de TRANSFERENCIA DE CRÉDITO por importe de 31.500 € co seguinte desglose:

APLICACIÓNS ORZAM. QUE DIMINÚEN GASTO			APLICACIÓNS ORZAM. QUE AUMENTAN GASTO		
APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE	APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Transferencias entre aplicacións de distinta área de gasto					
132.12100	Seguridade e orde público. Complemento de destino	4.000 €	342.21200	Instalacións deportivas. Reparación e mantemento de edificios e outras construcións	31.500 €
1531.13000	Acceso a núcleos de poboación. Salarios persoal laboral	2.000 €			
1621.14300	Recollida de residuos. Outro persoal	4.000 €			
231.13000	Asistencia social. Salarios persoal laboral	4.000 €			
920.13000	Administración xeral. Salarios persoal laboral	5.000 €			
931.12100	Política económica e fiscal. Complemento de destino	12.500 €			
TOTAL		31.500 €			31.500 €

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

TERCEIRO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. García Vázquez (de CxG) para preguntar con respecto a cabina de prensa do campo de fútbol ¿Esta especificado o seu uso, será un uso exclusivo para o fútbol?

* Contesta o alcalde que agora en principio sí, porque se fai esta obra polas necesidades que teñen a radio e televisión para retransmitir os partidos.

* O Sr. García Vázquez (de CxG) volve a intervir para facer a seguinte pregunta: ¿Podería utilizar o clube de atletismo a cabina, xa que está a carón da pista de atletismo?

Contesta o alcalde : Que dependendo do que pase co CSD, en principio vaise construír e xa ser verá.

*Do Sr. Carril Ramos (do BNG) para indicar:

Que é a primeira vez que ve aprobar un trámite por urxencia sen darlle posibilidade a oposición de mostrar a súa postura.

Que este tema trouxose ao último pleno, aprobouse xa unha partida para isto. Nese pleno preguntaron é non había nin memoria, nin proxecto; pedironno na comisión, no pleno e non se nos amosou nada.

Que agora estásenos a dar a razón de que as cousas non estaban ben feitas.

Que entende que a ubicación non é a axeitada, facer as cousas as présas e depois pasa o que pasa.

Que o quedar esa cabina pegada a pista de atletismo non vai poder homologarse nunca esa pista. As cousas non se están a facer ben.

Que por outra parte que se teña que sacar diñeiro dunha partida adicada a recollida de residuos, e o mais grave outra de asistencia social, cando sabemos como está a funcionar o servizo de asistencia no fogar en Arzúa, que se saquen 4.000 euros

desa partida para esta obra, entenden que debería haber outras partidas con menos importancia para poder levar a cabo esta obra.

□ Que como preguntaba o concelleiro de CxG, esta obra vai só para o equipo de 3ª división que e o único do que se van a retransmitir partidos. Estamos inhabilitando unha pista de atletismo que hoxe en día en Arzúa hai moita mais xente que practica atletismo que os que xogan no equipo de 3ª división, a nosa postura neste punto vai ser a abtención.

*Do Sr. Rivadulla Varela (do PP) para indicar:

- Que a postura do seu partido xa comentaron o outro día na comisión.
- Que entende que é un caso un tanto especial polo tema dos tempos, xa que non hai ningunha seguridade de que un equipo como Arzúa teña garantida un ascenso a seguinte división.
- Que o prazo que hai para programar e organizar obras e durante o verán, se realmente a televisión pode esperar non o sabe.
- Quedanos claro que é unha obra que inicialmente tiña un custo e agora ten un custo superior.
- Que o incremento do custo entende que se debe a condicións técnicas, o querer facer esa obra o mellor saen perxudicados outros, como pode ser o atletismo.
- Que o investimento tamén vai detraer outras partidas, e algúen vai sair perxudicado, se se xustifica ou non economicamente este investimento non o sabe, polo que vanse abster.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votacion este punto da orde do día, adoptándose, por maioría con 7 votos a favor (6 de AxA e 1 PSdeG-PSOE) e 6 abstencións (2 BNG, 1 CxG e 3 do PP) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de TRANSFERENCIA DE CRÉDITO por importe de 31.500 € co seguinte desglose:

APLICACIÓNS ORZAM. QUE DIMINÚEN GASTO			APLICACIÓNS ORZAM. QUE AUMENTAN GASTO		
APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORT E	APL. ORZAM.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Transferencias entre aplicacións de distinta área de gasto					
132.12100	Seguridade e orde público. Complemento de	4.000 €	342.21200	Instalacións deportivas. Reparación e	31.500 €

	destino			mantemento de edificios e outras construcións	
1531.13000	Acceso a núcleos de poboación. Salarios persoal laboral	2.000 €			
1621.14300	Recollida de residuos. Outro persoal	4.000 €			
231.13000	Asistencia social. Salarios persoal laboral	4.000 €			
920.13000	Administración xeral. Salarios persoal laboral	5.000 €			
931.12100	Política económica e fiscal. Complemento de destino	12.500 €			
TOTAL		31.500 €			31.500 €

SEGUNDO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan.

TERCEIRO.- O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 2º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación da devandita modificación resumida por capítulos no BOP, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

CUARTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 2º do presente acordo, deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 3º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

QUINTO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.

2.- SORTEO MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO A CELEBRAR O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2019.

Pola secretaria en aplicación do artigo 25 nº 1 e do artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, segundo a modificación realizada pola Lei Orgánica 2/2011 de 28 de xaneiro faise unha explicación os/as concelleiros/as do contido deste punto da orde do día .

Acordandose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- proceder á designación dos presidentes e vogais, titulares e suplentes, que integrarán cada unha das nove Mesas Electorais; tomando por base o censo electoral que foi facilitado polo Instituto Nacional de Estadística, utilizando para realizar o sorteo (refirido no nº 2 do artigo 26) o programa informático CONOCE entre as persoas censadas na Sección correspondente, que fosen menores de setenta anos e que reúnan os requisitos necesarios para ser presidente ou vogal, segundo os casos.

Sendo o resultado do sorteo realizado o seguinte:

DISTRITO: 01 SECCION 001 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA

Presidente/a: Alberto Castro Mato
Presidente/a suplente 1º: Adriana Costoya Rodriguez
Presidente/a suplente 2º: Maria Bengoña Camino Pardo

Vogal 1º:Manuel Alfonso Camino Veiga
Vogal 1º suplente 1º: Ramon González Seoane
Vogal 1º suplente 2º: M. Carmen Blanco López

Vogal 2º: Antonio Moscoso Furelos
Vogal 2º suplente 1º: Carmen González Seoane
Vogal 2º suplente 2º: Jesus Gómez Camino

DISTRITO: 01 SECCION 001 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA



Concello
de Arzúa

CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Presidente/a: David Peino García
Presidente/a suplente 1º: M Elena Torres López
Presidente/a suplente 2º: Víctor Pazo García

Vogal 1º: María Luz Rodríguez Conde
Vogal 1º suplente 1º: Alejandro Pampin Alamancos
Vogal 1º suplente 2º: Luisa María Rodríguez Rodríguez

Vogal 2º: Carlos Roibas Vázquez
Vogal 2º suplente 1º: Antonio Sanmiguel Vázquez
Vogal 2º suplente 2º: Avelino Taboada Rodríguez

DISTRITO: 01 SECCION 002 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE VILLADAVIL

Presidente/a: Alvaro González López
Presidente/a suplente 1º: Yolanda Castro Varela
Presidente/a suplente 2º: Javier Sebío Segade

Vogal 1º: Elena Quintela Rial
Vogal 1º suplente 1º: Marisol Santiso Pérez
Vogal 1º suplente 2º: Juan Mosquera Cid

Vogal 2º: Laura Mendez Lema
Vogal 2º suplente 1º: M. Carmen Sangiao Puga
Vogal 2º suplente 2º: Pablo Enjamio Blanco

DISTRITO: 01 SECCION 002 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE CAMPO

Presidente/a: Lourdes Mecias Castro
Presidente/a suplente 1º: Raquel Rodríguez Morcillo
Presidente/a suplente 2º: Ana Belen Budiño Vázquez
Vogal 1º: Juan Carlos Furelos Martínez
Vogal 1º suplente 1º: María Estrella Vigo López
Vogal 1º suplente 2º: José David López Crego

Vogal 2º: María Dolores Crego Rodríguez
Vogal 2º suplente 1º: Ana Isabel García Bermejo
Vogal 2º suplente 2º: María Jose Rodríguez García

DISTRITO: 01 SECCION 003 MESA: U
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE CASTAÑEDA

Presidente/a: Sonia García Rúa



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Presidente/a suplente 1º: Oscar Vázquez Paz
Presidente/a suplente 2º: Manuel Jesús Rodríguez Pampin

Vogal 1º: Alberto Carril Crespo
Vogal 1º suplente 1º: Uxia Lamas Suarez
Vogal 1º suplente 2º: Antonio Adan Vázquez

Vogal 2º: Sandra Penas Rivadulla
Vogal 2º suplente 1º: Jose Manuel Piñeiro Garea
Vogal 2º suplente 2º: Santiago Duro Couso

DISTRITO: 01 SECCION 004 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL BRANDESO

Presidente/a: Miguel Angel Carril Barco
Presidente/a suplente 1º: Miguel López Pajaro
Presidente/a suplente 2º: Irene Pereira Ares

Vogal 1º: Manuela Picallo SanMartin
Vogal 1º suplente 1º: Ruben Carril Barco
Vogal 1º suplente 2º: Dolores Alonso Gómez

Vogal 2º: Juan B Fernández Souto
Vogal 2º suplente 1º: David García Vázquez
Vogal 2º suplente 2º: Constante Fernandez Mouriño

DISTRITO: 01 SECCION 004 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: LOCAL SOCIAL DE BURRES

Presidente/a: Paula Camba Souto
Presidente/a suplente 1º: Xeila Fernández Mera
Presidente/a suplente 2º: Daniela Furelos Fontela

Vogal 1º: David Camba Codesido
Vogal 1º suplente 1º: José Luis Niera Ferro
Vogal 1º suplente 2º: Francisco Javier García Fuentes

Vogal 2º: Maria Jesús Lea Salgado
Vogal 2º suplente 1º: José Manuel Penas Leon
Vogal 2º suplente 2º: María Luz Sánchez Caneda

DISTRITO: 01 SECCION 007 MESA: A
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA

Presidente/a: Lidya Castro Gabete
Presidente/a suplente 1º: María Begoña Fernández Valiño

Presidente/a suplente 2º: Eladio Jose Dieguez Valderrama

Vogal 1º: Armando Florencio Cascón Rodríguez
Vogal 1º suplente 1º: Marlene María Damas Reis
Vogal 1º suplente 2º: Juan Carlos Iglesias Gomez

Vogal 2º: María Mercedes Cacheda García
Vogal 2º suplente 1º: Irimia Bernardez Quintela
Vogal 2º suplente 2º: Xoan Xesus Carril Ramos.

DISTRITO: 01 SECCION 007 MESA: B
NOME LOCAL ELECTORAL: COLEXIO EDUCACION INFANTIL E PRIMARIA

Presidente/a: Jose Luis Quintas Sesar
Presidente/a suplente 1º: Evangelina María Orois Conde
Presidente/a suplente 2º: María del Carmen Rodríguez Castro

Vogal 1º: Alberto Villamor Roibas
Vogal 1º suplente 1º: Jose Manuel Rivadulla Cacharron
Vogal 1º suplente 2º: Sandra Vázquez Rodríguez

Vogal 2º: Miguel Angel Rico Cacharron
Vogal 2º suplente 1º: Faustino Muiña Pérez
Vogal 2º suplente 2º: María Luz Segade Garcia.

Quedan sorteados baixo custodia de secretaría 6 suplentes extraordinarios no programa conoce.

Finalizado o sorteo para a designación dos presidentes e vogais que integrarán as nove Mesas Electorais, con motivo das Eleccións xerais de 10 de novembro de 2019.

A Corporación Municipal –por unanimidade dos trece membros asistentes– adoptou o acordo de ratificar o resultado do sorteo realizado.

Ás 10:47 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, luns, 18 de outubro de 2019

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---